

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO DE LA CINEMATOGRAFÍA Y DE LAS ARTES AUDIOVISUALES (ICAA) E A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI (AGADIC), PARA A INVESTIGACIÓN, CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DIXITAL DA OBRA CINEMATOGRÁFICA DE ENRIQUE BARREIRO

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), DECLARA:

que, a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ten previsto formalizar o convenio arriba referido por un período de vixencia de catro anos e poderá prorrogarse por vontade unánime e expresa das partes por un período máximo de catro anos, seguindo os mesmos trámites de autorización e publicidade que os establecidos para o convenio orixinal.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

“Definir as actuacións e compromisos para a investigación, conservación e restauración dixital dos únicos materiais en soporte nitrato que se conservan da obra cinematográfica de Enrique Barreiro, depositada no CGAI e conservadas en dependencias de Filmoteca Española, así como definir as condicións para a súa difusión. Esta colección está constituída por 43 envases de nitrato de épocas diferentes que inclúen probas, fragmentos, descartes e películas froito das súas investigacións e innovacións na técnica da cor realizadas ao longo da súa vida.”

Que o instrumento convencional que se vai asinar fundaméntase no seguinte:

I. Que o ICAA ten entre os seus fins, a través da Filmoteca Española, a recuperación e conservación do patrimonio cinematográfico, o fomento de investigacións e estudos sobre o cinema español e cantas actividades considérense oportunas para difundir a cultura cinematográfica.

II. Que a Agadic, a través do seu centro adscrito, Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI), conta entre as súas coleccións cos fondos fílmicos do cineasta Enrique Barreiro (1899–1984), nitratos conservados nas dependencias que Filmoteca Española ten dispostas especificamente para os materiais desta natureza.

Que ambas partes, coa finalidade de difundir o coñecemento e promover a investigación e o estudo do noso patrimonio cultural cinematográfico, acordan a colaboración nun proxecto de investigación, conservación e restauración dixital dos fondos fílmicos conservados da obra de Enrique Barreiro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela

Jacobo Sutil Nesta
Director da Axencia Galega das Industrias Culturais

